

Acordo da Comisión de avaliación das probas en competencias clave Nivel 3 pola que se publican os resultados provisionais das probas específicas realizadas o 07 de outubro

Rematada a corrección dos exames correspondentes ás probas específicas de avaliación en competencias clave de Nivel 3, previstas na disposición adicional da Resolución do 22 de novembro de 2022 (DOG núm. 6, do 10 de xaneiro de 2023) e aprobadas por Resolución do 31 de agosto de 2023 da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e segundo o disposto no artigo 12 de dita Resolución do 22 de novembro de 2022, publícanse na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, os resultados provisionais que se recollen no Anexo do presente acordo.

De acordo co establecido no artigo 13 da dita Resolución, as persoas interesadas terán un prazo de reclamación de catro (4) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados provisionais na páxina web.

As reclamacións realizaranse mediante escrito dirixido ao presidente da Comisión de avaliación, cuxa sede está no Instituto Galego das Cualificacións, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a reclamación pode empregar o modelo de folla de reclamación que ten dispoñible no seguinte enderezo

<https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas>

Asinado electronicamente na data da sinatura dixital

O presidente da Comisión de avaliación-Nivel 3

César Manuel Dans Galán